

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

888 *Real decreto 27/2016, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación da pataca da semente.*

Co fin de adaptar a lexislación específica de control e certificación da pataca da semente a determinadas circunstancias que inciden directamente na produción e comercialización da pataca da semente no noso país, así como á Directiva 66/403/CEE do Consello, do 14 de xuño, relativa á comercialización de patacas de semente, apróbase, mediante a Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 24 de maio de 1989, o Regulamento técnico de control e certificación da pataca da semente.

Esta orde foi modificada en diversas ocasións para incorporar sucesivas directivas da Unión Europea ou para adaptala ao progreso técnico.

A Directiva 66/403/CEE do Consello, do 14 de xuño, foi derogada e substituída pola Directiva 2002/56/CE do Consello, do 13 de xuño de 2002, relativa á comercialización de patacas da semente. Esta directiva e as súas sucesivas modificacións foron incorporadas ao ordenamento xurídico interno mediante as oportunas normas modificativas do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986, e, no que respecta ás patacas da semente, do Regulamento técnico de control e certificación da pataca da semente.

Posteriormente, aprobáronse a Directiva de execución 2013/63/UE da Comisión, do 17 de decembro de 2013, pola que se modifican os anexos I e II da Directiva 2002/56/CE do Consello no que se refire ás condicións mínimas que deben cumprir as patacas da semente e os lotes de patacas da semente; a Directiva de execución 2014/20/UE da Comisión, do 6 de febreiro de 2014, pola que se determinan as categorías da Unión de patacas da semente certificadas e de base e as condicións e denominacións aplicables a tales categorías, e a Directiva de execución 2014/21/UE da Comisión, do 6 de febreiro de 2014, pola que se determinan as condicións mínimas e as clases da Unión para as patacas da semente de prebase. Procede, polo tanto, a súa incorporación ao noso ordenamento a través das consecuentes modificacións no Regulamento técnico de control e certificación da pataca da semente.

Dado que este regulamento técnico sufriu importantes modificacións durante estes anos, e que as citadas directivas de execución da Comisión introducen igualmente amplas modificacións nos anexos, considerouse máis adecuado aprobar un novo Regulamento técnico de control e certificación de pataca da semente.

As características das patacas da semente descritas no regulamento serán tidas en conta e serán aplicables ás importacións de sementes de países terceiros ou á comercialización dos procedentes do espazo europeo, en aplicación do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986.

Este real decreto dítase de acordo coa habilitación prevista na disposición derradeira segunda da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos.

O presente real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Na elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xaneiro de 2016,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento técnico de control e certificación da pataca da semente.*

Apróbase o Regulamento técnico de control e certificación da pataca da semente, co contido que figura no anexo da presente disposición.

Disposición adicional única. *Contención do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supoñer incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada a Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 24 de maio de 1989, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación da pataca da semente.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpóranse ao dereito español:

a) A Directiva 2002/56/CE do Consello, do 13 de xuño de 2002, relativa á comercialización de patacas da semente.

b) A Directiva de execución 2013/63/UE da Comisión, do 17 de decembro de 2013, pola que se modifican os anexos I e II da Directiva 2002/56/CE do Consello no que se refire ás condicións mínimas que deben cumprir as patacas da semente e os lotes de patacas da semente.

c) A Directiva de execución 2014/20/UE da Comisión, do 6 de febreiro de 2014, pola que se determinan as categorías da Unión de patacas da semente certificadas e de base e as condicións e as denominacións aplicables a tales categorías.

d) A Directiva de execución 2014/21/UE da Comisión, do 6 de febreiro de 2014, pola que se determinan as condicións mínimas e as clases da Unión para as patacas da semente de prebase.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, salvo a regulación relativa ás sementes importadas, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar o anexo deste real decreto co fin de adaptalo á normativa da Unión Europea.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de xaneiro de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO

Regulamento técnico de control e certificación da pataca da semente*Artigo 1. Especies suxeitas ao regulamento técnico.*

1.1 Quedan suxeitos ao ámbito de aplicación do presente regulamento técnico os tubérculos de pataca destinados á súa semente ou plantación.

1.2 Soamente poderá ser denominada pataca da semente aquela que proceda de cultivos controlados polos servizos oficiais correspondentes e que fose obtida segundo as disposicións deste regulamento; da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e recursos fitoxenéticos; do Regulamento xeral sobre produción de sementes e plantas de viveiro, aprobado polo Decreto 3767/1972, do 23 de decembro, así como do Regulamento xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado mediante a Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 23 de maio de 1986, no que non se opoñan á citada lei.

Tamén poderá recibir a denominación de «pataca da semente» a importada que cumpra os correspondentes requisitos legais.

Para os efectos deste regulamento utilizaranse indistintamente as expresións de «pataca da semente» e «semente» co mesmo significado.

1.3 Os servizos oficiais de control serán os órganos competentes para o efecto das comunidades autónomas.

Artigo 2. Variedades comerciais admisibles para a certificación.

Só se poderá producir, para presentarse á certificación oficial, pataca da semente de variedades incluídas nas listas de variedades comerciais, establecidas polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ou incluídas nos catálogos comúns da Unión Europea. Exceptúase aquela pataca da semente de variedades que se destinen exclusivamente á exportación.

Artigo 3. Categorías de pataca da semente.

Admítense as seguintes categorías de pataca da semente:

Material parental ou de partida.

Sementes de prebase (xeracións anteriores a sementes de base).

Sementes de base.

Sementes certificadas.

Na categoría de prebase distínguense dúas clases da Unión: PBTC e PB.

Na categoría de base distínguense tres clases da Unión: S, SE e E.

Na categoría de semente certificada distínguense dúas clases da Unión: A e B.

A clase S procede da multiplicación da última xeración de semente de prebase e a partir daquela obteranse as clases SE e a E.

A semente certificada de clase A poderá proceder da multiplicación de semente de base ou doutra certificada de clase A obtida a partir dunha única multiplicación da semente de base, cando cumpra cos requisitos da semente de base.

A semente certificada de clase B poderá proceder da multiplicación da certificada de clase A, obtida a partir dunha única multiplicación da semente de base, ou de categoría superior.

O número máximo de xeracións de patacas, tanto na categoría base como na categoría prebase, será de catro, e a combinación das xeracións de patacas de prebase no campo e patacas de base será de sete.

O número máximo de xeracións de plantas certificadas será de dúas.

Se a xeración non está indicada na etiqueta oficial, considerarase que as patacas en cuestión pertencen á xeración máxima autorizada na categoría respectiva.

A semente que pola súa xenealoxía debese pertencer a unha das clases anteriormente definidas poderá ser clasificada noutra inferior se non cumpre os requisitos correspondentes a aquela ou, por proposta do produtor, sempre que se cumpran os requisitos exixidos na clase proposta.

Artigo 4. *Producción da pataca da semente.*

4.1 Requisitos das zonas de produción:

1. A produción da pataca da semente en campo levarase a cabo en zonas xeográficas autorizadas polos órganos competentes das comunidades autónomas ou polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, naqueles casos en que o ámbito xeográfico das ditas zonas supere o dunha comunidade autónoma.

No caso da micropropagación, entenderase como material de prebase o anterior á aclimatación da planta obtida mediante cultivo in vitro, e por tanto a multiplicación en campo deste material deberá levarse a cabo nun local autorizado pola comunidade autónoma correspondente.

2. Dentro das zonas autorizadas para a produción da pataca da semente, os produtores propoñeránlles inicialmente aos servizos oficiais de control correspondentes os termos municipais en que pretenden efectuar tal produción.

3. Dentro das zonas autorizadas para a produción da pataca da semente poderase autorizar a produción da pataca de consumo en determinados termos municipais ou lugares autorizados para a produción da pataca da semente. O órgano competente da comunidade autónoma correspondente establecerá as condicións que deben cumprir os cultivos que se dediquen á produción da pataca de consumo, para asegurar a calidade da pataca da semente que se produza nos ditos termos municipais ou lugares.

4. Anualmente publicarase, no boletín ou diario oficial que corresponda, a relación de localidades autorizadas para producir pataca da semente na campaña, dentro das zonas autorizadas, e enténdese que de non se facer continuará en vigor a publicada o ano anterior.

5. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ou as comunidades autónomas, se é o caso, poderán prohibir a produción naquelas zonas que, polas súas inadecuadas condicións ecolóxicas comprobadas para esta produción, aparición de focos de infección ou insuficiente calidade da semente que produzan, fagan aconsellable adoptar tal medida.

4.2 Requisitos xerais dos procesos de produción:

1. Todas as parcelas que se destinen á produción de pataca da semente deberán estar exentas de nematodo do quiste «*Globodera pallida*» Stone e «*Globodera rostochiensis*» Woll, o que se verificará mediante a realización oficial das correspondentes análises nematolóxicas.

2. Atendendo ás especiais condicións de cultivo das variedades coñecidas como «Papas antigas de Canarias», consideradas en moi grave perigo de erosión xenética, a Comunidade Autónoma de Canarias poderá establecer excepcións ao recollido no punto anterior e admitir certo nivel de nematodos do quiste, ata os limiares que se fixen, na selección das parcelas aptas para a produción.

3. No caso de parcelas situadas en terreos recentemente decruados non se permitirá o cultivo da pataca da semente sen que previamente se establecese nelas, polo menos, un cultivo doutra especie agrícola despois da decrúa.

4. As parcelas dedicadas á produción de pataca da semente deberán quedar identificadas cunha táboa en que conste o nome do produtor colaborador ou, na súa falta, as súas claves de control, o nome da variedade e a clase plantada, a superficie e o número da parcela, o termo ou o pago e os quilogramos sementados.

5. Nas depuracións arrincaranse as plantas fóra de tipo, murchas, raquílicas e enfermas de virus, así como as plantas atacadas de enfermidades diversas. A arrinca debe ser completa e ningún tubérculo debe quedar enterrado, e deberán ser eliminados do

campo tanto as matas arrincadas como os seus tubérculos, no caso de que non se efectúe a súa total destrución.

6. A produción da semente de pataca de todas as categorías deberá observar, como mínimo, unha rotación trienal.

7. Os cultivos destinados á produción de pataca da semente deberán estar exentos de «*Synchytrium endobioticum*» (Schilb), Perc.; de «*Clavibacter michiganensis* subsp. *sepedonicus*» (Spieckermann & Kothhoff) Davis et al., Skapt e Curkh e de «*Ralstonia solanacearum*» (Smith) Yabuuchi et al. Deberán presentar, ademais, un aspecto e desenvolvemento normal e rexeitaranse aqueles que, por unha fertilización nitroxenada excesiva, por tratamentos químicos ou por abandono do cultivo, non permitan formular un ponderado xuízo da inspección. Así mesmo, descualificaranse (rebaixarán de categoría ou clase) aquelas parcelas nas cales os tratamentos contra pragas e queima de matas, nos casos en que estes sexan obrigatorios, non se efectuasen nas datas fixadas.

8. No anexo I figuran os requisitos en campo que deben cumprir os cultivos dedicados á produción das diferentes categorías e clases de pataca da semente e no anexo II figuran os requisitos que deben cumprir os lotes da pataca da semente, previos ao seu precintado. Para a cualificación definitiva como pataca de semente, nas distintas categorías, será necesario que non se excedan as tolerancias máximas fixadas neles.

9. A pataca da semente non poderá ser obxecto de tratamentos químicos que inhiban o abrochamento.

4.3 Requisitos para a produción de material de partida e semente de prebase: o método que se debe seguir para a conservación dunha determinada variedade de pataca basearase en principio no aceptado internacionalmente como de selección xenealóxica, de acordo coas especificacións que a seguir se indican:

1. O material parental ou de partida estará constituído polas plantas «nai».

2. Enténdese por «planta nai» a planta identificada da cal se toma material para a reprodución. Serán plantas de produción homoxénea, suficiente número de tubérculos e elevada produtividade, cuxas características morfolóxicas e fisiolóxicas, tanto da parte aérea como dos tubérculos, se axusten o máis exactamente á descrición da variedade.

Enténdese por «micropropagación» a práctica de multiplicar rapidamente material vexetal para producir un gran número de plantas, utilizando cultivos *in vitro* de abrochos ou meristemas vexetativos diferenciados procedentes dunha planta.

3. Os tubérculos obtidos nas plantas seleccionadas en campo como plantas nai constitúen, tras a súa análise e selección en laboratorio, o material inicial.

As análises a que se refire o parágrafo anterior serán aquelas que, mediante a súa homologación oficial, determinen de modo fiable a presenza ou ausencia tanto de viroses graves ou leves como de enfermidades transmisibles polos tubérculos.

4. O material inicial plantarase permanecendo individualizada cada planta nai. Durante o cultivo eliminaranse todas as familias descendentes das plantas nai en que aparezan plantas fóra de tipo, raquícticas, murchas, viróticas e con enfermidades diversas.

En todas aquelas aparentemente sas tomaranse mostras de follas para efectuar as correspondentes análises e eliminaranse as que dean reacción positiva en presenza de viroses graves ou leves.

As producións individualizadas daquelas familias que superasen as anteriores probas e as de laboratorio constitúen a primeira xeración de prebase, que será da clase PBTC se se obtivo a partir de cultivo *in vitro*, ou da clase PB se se produciu en campo, e sementarase manténdose as familias.

As seguintes multiplicacións anteriores á semente de base poderanse efectuar de forma masal.

5. As parcelas dedicadas ao cultivo das xeracións anteriores á semente de base estarán illadas, con carácter xeral, polo menos, 50 metros doutros cultivos da semente de base ou certificada, salvo que estas sexan variedades hipersensibles ou inmunes en campo aos distintos virus.

A separación entre as parcelas de produción da pataca da semente de calquera destas xeracións e as de cultivo de pataca de consumo será de 300 metros, como mínimo.

Excepcionalmente, poderanse admitir illamentos menores dos indicados neste punto se se consideran adecuados a criterio do servizo oficial de control correspondente.

6. A depuración das xeracións anteriores á de base será continua e obrigatoria desde o principio da vexetación, e deben eliminarse non só as plantas fóra de tipo, murchas, raquílicas e plantas viróticas desde a aparición dos síntomas, senón tamén as plantas atacadas por enfermidades diversas, e non deberán en ningún caso excederse as tolerancias máximas fixadas para a clase S no anexo I. A eliminación debe ser completa e ningún tubérculo quedará enterrado. Tanto as matas como os tubérculos, se non son destruídos, serán extraídos e eliminados do campo. Posteriormente, cada xeración debe ser sometida a probas sanitarias de laboratorio ou invernadoiro, e non deberán en ningún caso exceder as tolerancias especificadas no anexo II para a clase S.

7. A produción de material de partida e xeracións anteriores á base levarase a cabo en localidades, predios ou pagos especialmente autorizados.

8. Ademais dos tratamentos normais de cultivo, serán obrigatorios nestas xeracións os tratamentos contra pulgóns e destrución prematura de matas.

9. No caso de utilizarse para a conservación dunha variedade o sistema de multiplicación rápida por microplantas, a primeira xeración de tubérculos que se obteña será a primeira xeración para efectos do cómputo de xeracións, é dicir a PBTC.

4.4 Requisitos para a produción de sementes base e certificada:

1. A produción de semente de base levarase a cabo en localidades, predios ou pagos especialmente autorizados, logo dos oportunos ensaios.

2. Os campos de produción de semente de base e certificada serán obxecto de tres depuracións, excepto os cultivados con variedades semitemperás e temperás que polo seu ciclo máis curto non permitan máis que dúas depuracións.

A primeira depuración deberase realizar antes de transcorridos cincuenta e cinco días desde a semente, segundo o desenvolvemento das plantas, a segunda, antes dos trinta días realizada a primeira e a terceira, se é o caso, vinte días despois de efectuada a segunda depuración.

3. Ademais dos tratamentos normais de cultivo, serán obrigatorios os tratamentos contra pulgóns e destrución de matas.

4. A separación entre variedades ou clases dentro dunha mesma parcela efectuarase cunha liña en branco ou sementada con cultivo distinto. Cando se trate de variedades de distinta coloración do tubérculo e da mesma clase, o servizo oficial de control correspondente podería autorizar que non sexa necesaria esta separación.

4.5 Inspeccións de campo: realizaranse inspeccións visuais oficiais aos cultivos de produción da pataca da semente todas as veces que se consideren necesarias e polo menos unha vez na fase máis adecuada para verificar o cumprimento en campo dos requisitos mencionados neste regulamento. Naqueles casos en que o servizo oficial de control o considere conveniente, as inspeccións visuais serán complementadas coas análises de laboratorio pertinentes.

4.6 Comunicacions dos produtores:

1. Os datos que obteña o produtor durante as observacións feitas en campo desde o momento da plantación anotaranse en fichas de control ou follas de inspección suxeitas a un modelo oficial tipo que determine o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

2. As descualificacións de cultivos efectuadas polos produtores serán comunicadas por escrito, indicando os motivos e o antes posible, tanto ao agricultor colaborador como ao servizo oficial de control. Este comunicará pola súa parte ao produtor as descualificacións que realice e indicará os motivos.

3. No anexo V figuran os datos que obrigatoriamente serán emitidos polos produtores aos servizos oficiais de control, así como as datas límite de recepción destes.

Artigo 5. *Precinto da pataca da semente.*

5.1 Identificación dos lotes antes do seu precinto oficial:

1. Toda partida de pataca da semente deberá estar identificada, tanto desde o momento da recolección ata o precinto oficial como cando se encontre depositada nos almacéns do produtor ou agricultor colaborador, por unha etiqueta ou rótulo onde figure, polo menos, o nome do produtor ou o número de colaborador, variedade e clase.

2. A semente de base e xeracións anteriores serán trasladadas directamente desde o campo aos almacéns autorizados, onde quedarán debidamente identificadas.

3. A semente certificada A destinada a posterior multiplicación será entregada polo colaborador ao produtor unha vez recollida, o antes posible, e manterase o lote nas mellores condicións de conservación, salvo que por causas xustificadas o servizo oficial de control correspondente estableza un límite de data.

4. En casos excepcionais, o servizo oficial de control correspondente poderá exixir o precinto en campo da semente de calquera categoría e clase.

5.2 Lotes de pataca da semente e precinto oficial:

1. Denomínase lote cada partida de pataca da semente dunha mesma variedade, categoría e clase, con calibre dentro dos límites autorizados e cun só número de identificación, procedente dun mesmo agricultor, se se trata de semente de base, e dun ou varios agricultores da mesma zona, se se trata de semente certificada.

2. O tamaño máximo dos lotes fíxase en 40.000 quilogramos para a semente de base e en 100.000 quilogramos para a certificada.

3. A pataca da semente envasarase en sacos ou grandes envases cun peso mínimo de 25 quilogramos netos, excepto aquela que vaia ser comercializada en pequenos envases.

A pataca da semente en pequenos envases comprende:

a) Os tubérculos de pataca da semente contidos en sacos ou outros envases con capacidade inferior a 25 kg.

b) Os tubérculos de pataca da semente especialmente acondicionados para seren comercializados preabrochados, xa sexa por medio de xerminación forzada ou non.

Os pequenos envases e os sacos serán novos, e estes últimos deberá levar a inscrición «Pataca da semente», estampada con caracteres lexibles de 6 centímetros como mínimo de altura. Os pequenos envases deben ter un tamaño adecuado á cantidade de pataca que conteñan e os destinados a tubérculos preabrochados serán dun material o suficientemente ríxido para evitar que os abrochos se deterioreen.

4. As etiquetas oficiais deberán cumprir os requisitos xerais sinalados no título V do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, e especificarán os datos que se sinalan no anexo IV e, se é o caso, no número 7 do número 5.2 deste regulamento. As etiquetas destinadas a pequenos envases de pataca da semente preabrochada deberán levar a mención «Pataca da semente preabrochada» no lugar correspondente á especie, e indicarán o número de tubérculos, en vez do peso neto.

Calquera tratamento das patacas da semente de base ou certificadas deberase indicar ben na etiqueta oficial ou nunha etiqueta do provedor, así como no envase ou dentro deste ou no recipiente.

5. No momento de efectuarse o precinto dun lote, o produtor deberá presentar ao persoal inspector encargado desta operación os resultados das análises de laboratorio que se mencionan no anexo II, así como a xerminación naqueles casos en que se considere necesario, e figurarán no anexo III os requisitos mínimos que debe cumprir a pataca da semente en canto á súa presentación. Cando se vaia efectuar o reenvasado dun lote ou de parte del para ser comercializado en pequenos envases por un provedor que non sexa o produtor, aquel deberá presentar tamén os resultados das análises mencionadas. Cando se proceda ao precinto de pataca da semente preabrochada todos

os tubérculos estarán abrochados, os abrochos estarán enteiros, ben coloreados, fortes e sans e a súa lonxitude non debe ser inferior a 0,5 centímetros no momento do precinto, nin superior a 4 cm cando estean dispostos para a venda.

Os tubérculos deberán ter un calibre mínimo tal que non poidan pasar a través dunha malla cadrada de 25 milímetros de lado. No que concirne aos tubérculos demasiado grandes para pasar a través dunha malla cadrada de 35 milímetros de lado, os límites superiores e inferiores expresaranse en múltiplos de 5.

O calibre máximo dos tubérculos será de 65 milímetros, excepto aquelas variedades cuxos tubérculos teñan como media unha lonxitude superior a dúas veces a súa largura máxima, nas cales o calibre máximo será de 60 milímetros. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, por causas xustificadas, poderá autorizar, excepcionalmente, calibres maiores de precinto.

A desviación máxima de calibre dos tubérculos dun lote deberá ser tal que a diferenza de dimensións entre os lados das dúas mallas cadradas utilizadas non exceda os 25 milímetros. Para a pataca da semente preabrochada a desviación entre calibres non debe superar os 10 milímetros.

6. Os servizos oficiais de control poderán someter a contraste os resultados das análises dos produtores, mencionados no punto anterior, para o cal se tomará unha mostra de 110 tubérculos de cada lote sometido a precinto no cal se vaia efectuar a correspondente comprobación oficial.

7. Se no curso da comercialización os sacos de pataca da semente precintados oficialmente son abertos e sometidos a un novo precinto, este non se poderá efectuar máis que oficialmente ou baixo control oficial e logo de autorización do envasador inicial, e deberá indicarse, na etiqueta oficial, ademais dos datos previstos, que se reprecintou, a data do último efectuado e o organismo oficial responsable del.

Artigo 6. *Ensaio de pre e poscontrol.*

6.1 Todo produtor debe sementar en campos de precontrol unha mostra de 100 tubérculos de cada un dos lotes de categorías base e certificada A que utilice para a súa multiplicación. Estes campos estarán situados nunha zona e plantados en época tales que permitan obter os resultados coa suficiente antelación, para poder utilizalos oportunamente nos campos de produción. Igualmente, deberá sementar en campos de poscontrol mostras de 100 tubérculos correspondentes, como mínimo, ao 30 % dos lotes de sementes de categoría certificada A da última xeración e dos lotes de certificada B.

Cada mostra quedará sinalizada no campo mediante a correspondente táboa de identificación.

6.2 Nas parcelas de precontrol inicialmente non se levará a cabo ningunha depuración; deberán anotarse as plantas fóra de tipo e enfermas, e cada produtor comunicará ao servizo oficial de control os resultados destas probas; unha vez efectuada esta comunicación e comprobados os seus resultados o produtor poderá proceder á súa depuración.

6.3 O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ditará as normas para a realización de probas de pre e poscontrol nacional, co obxecto de verificar o cumprimento dos requisitos fixados nos anexos II e III, para o cal se poderán tomar mostras aleatorias en calquera fase dos procesos de produción, acondicionamento, conservación ou comercialización da pataca da semente, constituídas por 110 tubérculos de cada lote.

6.4 A pataca da semente que se importe, calquera que sexa o seu destino, poderá ser obxecto de poscontrol oficial.

Artigo 7. *Produtores da pataca da semente.*

7.1 Categorias de produtor. Admítense as seguintes categorías de produtor:

- a) Produtor obtentor.
- b) Produtor seleccionador.

c) Produtor multiplicador.

7.2 Requisitos. Ademais das condicións que se especifican no artigo 4.3 do Regulamento para a autorización e rexistro dos produtores de sementes e plantas de viveiro e a súa inclusión no Rexistro Nacional de Produtores, aprobado mediante o Real decreto 1891/2008, do 14 de novembro, os produtores seleccionadores e os produtores multiplicadores de pataca da semente deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Dispoñer dos medios adecuados para realizar oportunamente os tratamentos necesarios durante o cultivo nas parcelas dedicadas á produción de material de base e certificado.

2. Dispoñer dos inspectores de campo necesarios para desenvolver correctamente os traballos inherentes á súa condición de produtores, de acordo co plan produtivo previsto e segundo as circunstancias que concorran en cada caso, as cales deberán ser sometidas á aprobación dos servizos oficiais de control correspondentes.

3. Dispoñer de campos suficientes para a obtención de material de categorías certificadas. As comunidades autónomas poderán establecer unha superficie mínima anual, da cal deberán dispoñer os produtores para estas categorías, en función das características técnicas da zona de produción.

4. Os produtores deberán dispoñer de almacéns de conservación que reúnan as debidas condicións de illamento, iluminación e ventilación, coa superficie e capacidade adecuadas aos seus plans de semente.

O número de almacéns de preparación para seren utilizados polos produtores para o recinto da pataca da semente e a súa situación será a que para cada campaña fixen os servizos oficiais de control.

5. Os produtores seleccionadores que realicen a conservación das variedades mediante o sistema de multiplicación rápida por microplantas, cultivos «*in vitro*», cultivos sen substrato ou calquera outro sistema que necesite unhas instalacións adecuadas para iso deberán dispoñer das instalacións que sexan suficientes para desenvolver correctamente a súa actividade.

7.3 Provedores de pataca da semente en pequenos envases:

1. Só poderán acondicionar pataca da semente en pequenos envases os provedores con título de produtor de pataca da semente e os autorizados especialmente para iso polo órgano competente da comunidade autónoma onde estean establecidos.

2. A pataca da semente que vaia ser acondicionada ou conservada en pequenos envases deberase manter en almacéns adecuados. Para a preparación da pataca da semente preabrochada dispoñeráse de cámaras de xerminación apropiadas e conservarase en almacéns frigoríficos.

Os almacéns e as cámaras de xerminación que se vaian utilizar cada campaña para este tipo de pataca deberán ter sido previamente aprobados polo servizo oficial de control da comunidade autónoma correspondente.

Artigo 8. Comercialización.

8.1 Entrega e recepción da produción:

1. Os agricultores colaboradores dos produtores non poderán vender a súa colleita da pataca da semente máis que a estes; reciprocamente, os produtores están obrigados a retirar toda a pataca da semente producida polos seus respectivos agricultores colaboradores e que cumpra todos os requisitos especificados neste regulamento.

8.2 Comercialización:

1. Queda prohibido aos produtores e agricultores colaboradores vender ou entregar pataca fóra dos calibres autorizados, ou procedente de cultivos rexeitados como pataca da

semente, baixo designación ou presentación susceptible de suxerir indirectamente que se trata de pataca da semente.

2. Co obxecto de evitar a introdución nas localidades produtoras de pataca da semente de pragas nocivas a esta produción, os sacos que se introduzan nas zonas produtoras de pataca da semente para o envasado da pataca de consumo que de modo excepcional se obtivese nelas deberán ser novos.

3. Os refugallos que se produzan na preparación da pataca da semente deberán permanecer perfectamente identificados.

4. Non se poderá conservar nun mesmo almacén pataca da semente e pataca de consumo, salvo autorización especial dos servizos oficiais de control.

5. Toda denominación ou presentación da pataca de consumo que leve ao ánimo do comprador a idea de que se trata de pataca da semente queda prohibida, e neste sentido non se poderán empregar en envases, facturas, propaganda, nome social da casa vendedora, etcétera, palabras que dean lugar a tal erro.

6. Respecto á pataca da semente importada, destinada á súa comercialización, ademais da etiqueta oficial cos datos indicados no anexo IV, todos os envases deberán levar pegada ou cosida unha etiqueta en que figuren as seguintes especificacións:

- a) Nome e domicilio do importador ou firma importadora.
- b) País de expedición, en caso de que sexa distinto do de produción.

7. Os provedores levarán un rexistro onde figuren a procedencia das partidas dispoñibles para a súa comercialización, as cantidades comercializadas e o seu destino, e identificarán as partidas con todos os datos das etiquetas oficiais, o cal estará á disposición dos servizos oficiais de control.

ANEXO I

Porcentaxes máximas admitidas nos campos de produción segundo a categoría que se pretende obter

Concepto	Prebase		Base			Certificada	
	PBTC	PB	S	SE	E	A	B
Plantas afectadas por pé negro	0	0	0,1	0,5	1	2	4
Número de plantas que non se axustan á variedade e de variedades distintas, conxuntamente	0	0,01	0,1	0,1	0,1	0,2	0,5
Número de plantas que non se axustan á variedade e de variedades distintas, conxuntamente na descendencia directa	–	–	0,25	0,25	0,25	0,5	0,5
Na descendencia directa, número de plantas con síntomas de virose	0	0,5	1	2	4	8	10
Número de plantas con síntomas de virus do mosaico (PVY) e do virus do enrolado da pataca (PLRV), conxuntamente	0	0,1	0,2	0,5	0,8	2	6
Número máximo de xeracións, incluídas as de prebase en campo e de base	–	4	5	6	7	9	9

As patacas da semente de prebase procederán de plantas nai que estean exentas dos seguintes organismos nocivos: *Pectobacterium* spp., enrolamento da folla da pataca, virus A da pataca, virus M da pataca, virus S da pataca, virus X da pataca e virus Y da pataca. No caso de que se utilicen métodos de micropropagación, determinarase se se cumpre o anterior a través de probas oficiais ou a través de probas baixo supervisión oficial realizadas na planta nai. No caso de que se utilicen métodos de selección clonal, determinarase se se cumpre o anterior a través de probas oficiais ou a través de probas baixo supervisión oficial, realizadas no patrón clonal.

Determinarase que se cumpren os requisitos anteriores a través de inspeccións oficiais sobre o terreo. En caso de dúbida, estas inspeccións deberán complementarse con probas oficiais realizadas nas follas.

As tolerancias anteriores, previstas nas plantas con síntomas de virose, unicamente serán aplicables ás viroses que fosen causadas por virus propagados en Europa.

ANEXO II

Porcentaxes máximas admitidas nas probas de pre e poscontrol

Concepto	Base			Certificada	
	S	SE	E	A	B
Viroses graves ou leves (*).	1	2	4	8	10
Plantas non conformes co tipo varietal.	0,1	0,25	0,5	0,5	0,5
Plantas doutras variedades	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2

(*) No caso da semente certificada non se considerarán nestas tolerancias máximas as viroses leves, é dicir, as que só orixinen síntomas de descoloracións sen provocar deformacións da follaxe das plantas.

Para os efectos deste regulamento consideraranse viroses graves as do enrolado e Y, así como aquelas que nunha determinada variedade poidan ocasionar deformacións das follas.

ANEXO III

Requisitos que deben cumprir as patacas da semente segundo a súa categoría.
Máximos admitidos en peso

Concepto	Prebase		Base			Certificada	
	PBTC	PB	S	SE	E	A	B
Presenza de terra e corpos estraños	–	1	1	1	1	2	2
Podremia seca e podremia húmida combinadas (1)	0	–	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5
Podremia húmida (1)	0	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
Defectos externos (por exemplo: tubérculos deformes ou queimados)	0	3	3	3	3	3	3
Sarna común: tubérculos afectados nunha superficie superior a un terzo	0	5	5	5	5	5	5
Varíola da pataca producida por <i>Rhizoctonia solani</i> : tubérculos afectados nunha superficie superior ao 10%	0	1	5	5	5	5	5
Sarna pulverulenta da pataca: tubérculos afectados nunha superficie superior a un 10%	0	1	3	3	3	3	3
Tubérculos engurrados debido a unha excesiva deshidratación ou a unha deshidratación causada pola sarna prateada da pataca	0	0,5	1	1	1	1	1

(1) Podremias na medida que non estean causadas por *Sinchytrium endobioticum*, *Clavibacter michiganensis* subsp. *sepedonicus* ou *Ralstonia solanacearum*.

A tolerancia total para todos os conceptos anteriores, excepto a presenza de terra e corpos estraños, será do 6 % do peso para as patacas da semente de base e prebase PB e do 8 % do peso para as patacas da semente certificadas.

Un lote de pataca da semente de calquera clase non poderá conter máis do 3 por 100, expresado en peso, de tubérculos inferiores ao calibre mínimo nin máis do 3 por 100 de tubérculos de tamaño superior ao calibre máximo.

Os tubérculos deben estar practicamente non abrochados, excepto os que se comercialicen en pequenos envases como pataca da semente preabrochada, que cumprirán o especificado no número 5 do punto 5.2.

Non se admite ningunha tolerancia na presenza de: sarna verrugosa, «*Sinchytrium endobioticum*» (Schilb), Perc.; podremia anular bacteriana, «*Clavibacter michiganensis* subsp. *sepedonicus*» (Spieckermann & Kotthoff) Davis *et al.*, Skapt-Burkh; podremia parda bacteriana «*Ralstonia solanacearum*» (Smith) Yabuuchi *et al.*; quistes do nematodo «*Glodobera pallida*», Stone, e «*Glodobera Rostochiensis*», Woll; e do viroide do tubérculo afusado PSTV.

ANEXO IV

Indicacións das etiquetas oficiais

Regras e normas CE.
Servizo oficial de certificación-España.
Especie, indicada polo menos en caracteres latinos.
Variedade, indicada polo menos en caracteres latinos.
Categoría e clase.
Produtor e zona de produción.
Peso neto (1).
Calibre.
Número de referencia do lote.
País de produción.
Mes e ano de precinto.

(1) Número de tubérculos no caso da pataca da semente preabrochada. Dimensións mínimas: 110 mm x 67 mm.

ANEXO V

Comunicacións dos produtores aos servizos oficiais de control e datas límite de recepción

As comunicacións dos produtores aos servizos oficiais de control efectuaranse nos modelos que estes fixen, nas seguintes datas límite:

O 1 de xaneiro: proposta de municipios para a produción de pataca da semente na campaña seguinte.

O 1 de abril: relación de persoal inspector e municipios a cargo de cada un deles na próxima campaña.

O 15 de xullo: declaración de cultivos sobre sementeiras realizadas. Resumo das sementeiras realizadas.

O 15 de setembro: avance de colleita. Proposta de almacéns de conservación e manipulación que se utilizarán na campaña.

O 1 de decembro: confirmación do avance da colleita efectuado en almacén.

Durante o período de cultivo: os resumos dos resultados de inspección remitiranse nun prazo máximo de dez días a partir da data en que conclúa cada depuración nos distintos municipios.